

# BERGAN



JOSÉ LORENZO TOMÉ



BAÍA EDICIÓNS

*Para Juana e José, meus pais.*

*De eles é esta cidade.*



BRIGA

OCÉANO  
DO  
OESTE

RIO GRANDE

SERRA DO GAYA

AS SET



Lago

Pico Reto

Pena Bicuda

RDÍN

E FONTES

Cabanacomba

A Torre

A Branca

FERYENZAS DO FORXA

PONTE DE LAVANDEIRAS

CANTEIRA DE BAXOI

Rio Egoaderas

Rio Seco

Rego dos Muros

R. Roxedoiro

DÓNIGA

Pozo das Rosas

R. de Augarrina

MONTEMEA

SERRA DA COVA DA SERPE

Gran Canal

# A Torre

Se cadra non oístes falar de Bergan, o máis novo dos dous fillos do señor de Penabranca.

Prestade atención.

A historia que vos quero contar comeza en Penabranca, vila levantada sobre un outeiro. Vista de lonxe, cando o camiñante sinalaba o perfil, era unha liña branca, unha sucesión de casas pequenas telladas de lousa, caleadas e encintadas. En días solleiros, abertas as ventás da vila orientadas ao sur, víase unha vasta extensión de terras salpicadas de camiños, bosques e aldeas, a masa multicolor da Chaira abríndose aos pés do cordal onde o tempo moldeara tres picos, a escarpada silueta característica da contorna da comarca... No máis alto deles, aberto como boca escura, atopábase a Pena Furada, a morada da Serpe.

Unha rede de regatos cubría as terras, onde non faltaban dous ríos mansos, o río Seco e o Roxedoiro que cruzaban o Boedo, alí poucos se atrevían a penetrar. As terras de Penabranca tiñan no marco do leste a Pena Gallada, no oeste a Pena Queimada, no norte a Pena dos Corvos, e no sur a Pena Furada.

Diciávos que o pai de Bergan era o señor de Penabranca..., non falo ben. O señor era Ténebro, ao que ninguén coñecía nin vira diante e a quen todos recoñecían como amo de canto había. Se as lebres saltaban, a auga corría, as árbores medraban, o vento

zoaba nas follas, o sol quentaba, ou as nubes deixaban caer a choiva, non era máis que a man do Ténebro deixando que así fosen as cousas. Non falaban del e todos presentían a súa presenza inevitable e indiferente en cada instante. Tan necesario como apartado e oculto, foi orixinando un baleiro na comarca que aproveitou o pai de Bergan converténdose en amo e señor das xentes de Penabranca. Desapiadado, ruín, mendaz, atounas ao seu xugo e sufrírono sen contradicilo. Arduo será explicar por que aceptaron a vesania e frustrigación, máis aínda conseguir desvelar que fixo de Ténebro o señor Único de Penabranca.

Se queredes escoitar o que agora vos conto, fala destas cousas escuras.

Tal como mo contaron, cóntovolo...

# Bergan

Bergan andaba polos dezaseis anos. Orfo de nai, desde o día do seu nacemento, chegara ao mundo nun parto en exceso prolongado para as forzas da nai, ao que os médicos atribuíron tamén a eiva que acompañou a Bergan durante o resto da súa vida, un deficiente desenvolvemento do brazo esquerdo que, malia que o avergoñou durante un tempo, non lastraría o hábil uso que chegou a facer del. Tiña un irmán un ano maior, Nigoí, cómplice espello e opositor en xogos e correrías. Saltar máis alto e máis lonxe, correr máis rápido, galopar máis á présa, axexar animais no bosque, xa fora sós ou na compañía dos amigos, espertou neles un ánimo vivaz e competitivo, estímulo por moito tempo, ata que a envexa penetrou e envelenou o corazón de Nigoí cando constataba os éxitos que o irmán menor colleitaba entre os que compartían con eles xogos, enredos e rifas, non inferiores que os acadados con rápida e aguda resposta perante as preguntas do mestre que escoitaba movendo a cabeza con satisfacción. Os irmáns competían, emulábanse e queríanse, pero a mirada de Nigoí torceuse, enfurruñada, e aniñou nel o receo cara ao seu irmán.

Alto, desgairado, intuitivo e serio, Bergan contaba co afecto dos amigos. Do pai, fora dos coidados diarios dos que se ocupaban os servos e das recompensas polas destrezas que demostraba, recibía un trato frío e severo, cando non a censura burlona que causaba

o maior dos estragos no neno, a perda de confianza en si mesmo. Figura esquiva e do medo, non reparaba, na xeira da adolescencia do fillo, en dar a orde de non deixalo saír da Torre mentres permanecera castigado. Frecuentes dende que tiña catorce anos, estes correctivos adquiriran no último ano un cariz rigoroso e repetido que contrariaba o carácter indómito do rapaz. O motivo sempre era o mesmo, Bergan era sorprendido polo pai, ou, observado ao axexo por algún soldado da garda, en compañía de xente que o señor cualificaba de estraña, allea ao común, dispar do prevalecente na vila. Mal vistos, rexeitados, tratados con desconfianza e temor, aquela xentalla, como moitos dicían, vivían nas casas máis apartadas da vila e nas aldeas espaxadas nos montes, eran os dónigos, nos que sempre brillaba unha chispa nos ollos.

“Andas a perder o tempo –díciálle o seu pai a Bergan– con esa gandainada fachendosa que non fai máis que contar mentiras en lugar de dedicarte a algo de proveito: non quero volver verte con eles”.

Non era suficiente aquela voz cargada de censura e de escuros designios para paralizar a audacia e curiosidade do rapaz, non tiña medo e desafiaba seguido os mandatos do pai buscando a maneira de ter a compañía dos que moitos consideraban alleos, de fóra, insólitos no comer, vestir, e tamén, non poucas veces, na fala propia.

Non dobregaban as advertencias do pai a Bergan. Unha e outra vez buscaba a compañía daqueles homes e mulleres aos que envolvía un halo de serena distancia. Nun principio porque gozaba cos contos que lle contaban, o arrecendo que desprendía o seu corpo, ou esmero co que realizaban calquera traballo. Máis adiante, porque sementaron interrogantes sobre o pasado da vila que nunca antes ninguén lle mencionara, agora, porque, a medida que pasaba o tempo e os frecuentaba, se multiplicaban as preguntas que quería facerlles. Só a eles lles oíra falar da Pena Gravada, na Serra da Serpe, onde se podían ver signos e debuxos trazados por homes que



habitaran a montaña moito tempo atrás; da Pena do Ferro, onde ondeaba un estandarte con centos de tiras de tea; dos tronantes, que formaban e levaban a treboada dun lado para outro segundo as necesidades das colleitas, e que subían ás nubes no voo vertical dunha poeira; dos vedoiros, que vían as cousas acochadas sobre as superficies das presas nos ríos; dos sandadores, que curaban as doenzas máis enrabeçadas; dun tal Monis, fillo de Raris, que viaxou, en manta de esparto, entre dúas cidades separadas polo mar, cubrindo, en unha soa noite, na compañía do seu elefante Brincado, a distancia da singradura dun barco en tres días; de mulleres que voaban transformándose en bestas; e por veces escoitara das cousas dos sabios de Lamosa, expertos agrimensores e buscadores de manancial de auga, que todas as tardes se reunían baixo un tileiro para discutiren se o principio das cousas era a auga, a terra, o lume ou o vento. Os dónigos eran de falar pausado, concedéndose moito tempo para expoñeren o que trataban. Eran hospitalarios con Bergan, a quen recibían con agrado nas súas casas. Mirados a un tempo con temor e admiración, eran considerados como xente á marxe, reprobada, polos veciños de Penabranca, por motivos que ignoraban nin quería esclarecer.

Bergan era dos poucos da vila que mantiña trato con eles, sempre a costa de castigos e ameazas do pai. Non lle importaba a vara, o ferro ou a tranca na porta, estaba disposto a correr calquera risco para escoitar aqueles relatos que o transportaban a unha Penabranca soñada, chea do prestixio dun pasado luminoso cando ocupaban a chaira, e, os prodixios, segundo contaban, facían de cada folla, peixe ou rocha, algo que era e non era a folla, o peixe, ou a rocha. Nas conversas con aqueles maldicidos e sinalados soubo de lugares e homes dos que nunca escoitara falar na Torre, un mundo acochado tras a severa face do pai que rexoubaba daquelas xentes que mantiñan vivas as súas casas na chaira e indómitos os saberes, maneiras e oficios dos que o señor tiraba

beneficio, a única razón para manter aquelas aldeas en pé: “Matar –dicía o pai– é fácil”.

Polos dónigos soubo do tempo en que era posible falar cos paxaros e as árbores, no que en noites estreladas os homes enmudecían e os máis observadores distinguían na cúpula da noite formas que repetidas no ciclo dos días acadaban a certeza do nome dunha estrela ou dun planeta, como tamén o tiñan as herbas e flores colleitadas en rochedos e bosques coa mirada experta de mulleres que coñecían o arroubo do poder da vida vexetal. Contaban, os dónigos, ante o pasmo de Bergan, que na chaira había moreas de tesouros pillabáns, esvaradíos, que esperaban o afortunado descubridor: cadeas, reixas, caldeiros, sarillos, cadeiras, debandoiras, gramalleiras, picañas teares..., unha multitude de obxectos todos de ouro durmían na terra, sen arraigar en ningures, saltaricando de monte en monte, burlando a un con pequenos indicios de ouro, xogando con outro poñendo luz de vagalume, dándose por fin ao máis inocente, non sen antes, como ocorrera máis dunha vez, sometelo á proba das adiviñas que escoitaba sen dar resposta:

Altos padres, peludas madres,  
fillos entre foles  
adiviña ti se podes.

Que cousa é a que anda de burato  
en burato coas tripas de rastro.  
Vestido sempre de gala,  
collendo insectos a pala.

Contáranlle de dúas trabes que atravesaban a chaira, unha de ouro e outra de alcatrán. Non era doado dar con elas, dicían. *Quen* as procurase tiña que andaren con moito tino. Se daba coa de ouro poñíase rico, mais se daba coa de alcatrán estoupaba a trabe, arrendo co buscador.

Bergan fórbase decatando dese mundo desconcertante de encantos, dobrado de misterio, ao longo das visitas que lles fixe-

ra desde neno. Non eran só aqueles relatos o que admiraba nos dónigos. Tanto como oílos gustáballe velos trasfegar coas cousas no alpendre, na casa ou na viña, cando podaban ou vendimaban, ou naquelas xornadas nas que se deleitaba observando o manexo das ferramentas con tal destreza que os convertía nos mellores carpinteiros e ferreiros da vila. As súas casas humildes, eran sólidas, construídas de cantaría e ben telladas. E manexaban toda clase de trebellos coas mesmas fermosas maneiras que tiñan de comer. Bergan, navalla en man, intentaba imitalos no cortar, no beber e no ritmo pousado de cada comida, nos que descubría maneiras ben diferentes ás das outras xentes da vila.

Ás veces, na visita aos dónigos, o que escoitaba batía nel con tal forza que chegaba á Torre, febril, entusiasmado e caía na precipitada imprudencia de contar o que escoitara nas aldeas. Deseguido viñan as risas, burlas e castigos do señor que embazaban a ocasión de boa compañía, cos días interminables e tristes nas estancias e salóns da Torre, cando remoía o motivo que explicase as prohibicións do pai e do seu irmán, e comparaba a amabilidade coa que era tratado polos dónigos co xesto adusto e displicente que atopaba na Torre. E no matinar preguntábase non só pola orixe da fenda que separaba o señor da Torre dos dónigos, senón tamén porque a xente do común de Penabranca non quería tratos con eles, como comprobara cando indagaba a súa resposta contando o que vira nas aldeas rexeitadas, e respondían apáticos e pechaban a boca, ou ben baixaban a cabeza para deseguido evitaren calquera palabra que puidera compromelos diante do señor. Desconfiados, retraídos, pechados polo medo, Bergan foi aprendendo a forza de enganos e traizóns que non podía confiar neles, que ninguén debía saber das súas visitas, que debía preservalas das miradas e murmuracións dos veciños de Penabranca dispostos a vendelo para se congraciar co señor. E froito destes receos, das cavilacións nos húmidos sotos da Torre, dos desenganos acumulados comparando

o día, traballos e maneiras das aldeas dos dónigos, co latexar sombrizo da casa do pai, sentiu medrar nel unha creba entre o criado nos costumes e mandatos do señorío paterno, daquel outro que brotaba do coñecemento de si mesmo cando se miraba no espello dos dónigos. E dese modo desdobrado, medrou nel, como forza inusitada, o desexo de abandonar a súa casa para vivir con aqueles outros estrañados e ser un deles. Non lle escapaba a Bergan a dificultade de facer realidade estes íntimos degoros e os perigos nos que se poñía e arrastraría os seus amigos; desexos e medos ían xuntos cada vez que pensaba abandonar a Torre. Os días pasaban, os máis deles tediosos, ata que atopaba a maneira de burlar a vixilancia do pai, seguir camiños apartados e entrar nas casas prohibidas. E de novo, tras un breve encontro, regresaba á Torre satisfeito coas novas, e coa magoa da separación.

\* \* \*

...Un día visitou o lugar de Belote, onde vivían tres familias de recusados, e tivo un encontro inesperado co Vello de Recimil, o que poñía máis respecto entre as xentes de Penabranca, o máis ancián dos dónigos. Enfrontado co Señor por terras e décimos cando vivía na vila, e correndo perigo a súa vida, o vello buscou refuxio na fraga. Eivado das pernas, sobrevivía coa compañía do seu cabalo no que se desprazaba ás aldeas cubrindo as pernas cunha manta marrón con franxas amarelas tan gastada como o propio cabalo e dono.

Como xa vos dixen, moitas foron as noticias peculiares e novas que Bergan escoitara dos refugados; achegamento a enigmas, evocadoras palabras que axitaban o seu espírito na urxencia de provocar un cambio nas súas circunstancias para estar máis unido a eles. Como ocorre, ás veces, chegaron por si soas no encontro en Belote co Vello de Recimil, quen deu en falar dun vestixio que nunca, diante del, ninguén amentara: a cidade de Dóniga, soterrada

debaixo das augas e xuncos do Boedo. Esta nova, como veremos, foi o inicio do xiro que agardaba, e tería fonda repercusión na vida de Bergan.

O Vello achegárase a aldea para ver de sandar un rapaz do lugar que padecía unhas febres. Cando rematou de examinar o rapaz atopouse fóra da casa con Bergan, que xuntaba nunha morea os toros que un home cortaba.

—Como queda o enfermo? —preguntou o home.

—O teu fillo non ten nada de importancia —dixo o Vello, ao que xa axudaran a montar no cabalo—, que tome as herbas que deixei, e axiña estará cortada a febre... A quen temos por aquí? —dixo, mirando o rapaz e xuntando as bridas.

—É da Torre —respondeu o home, pousando o machado no cepo.

—Bergan! —dixo o Vello—, escoitei falar de ti, sei que fas moitas preguntas. Ven —dixo, achegando o cabalo xunto as raíces dun castiñeiro ao pé da casa.

Bergan observaba o rostro céreo do Vello e a escuma branca, tinguida de verde, que colgaba da boca do cabalo, sentía medo ao tempo que desexaba escoitar a aquel home que coñecía de velo cabalgar ao lonxe e co que sempre evitara cruzarse, xa por vergonza, xa por timidez. E falaron, e o rapaz entusiasmouse co mundo tan claro como renovado que o Vello describía.

—Non sempre dominou na chaira Ténebro —dixo o Vello—. Houbo un tempo en que Dóniga, a nosa cidade, branca e ben murada, prospera e florecente, era un bulir de xentes polas rúas. Erixida no medio do Boedo, día e noite tiña por riba dela o Luceiro. As colleitas dábanse con abastanza e os animais multiplicábanse nos montes. Os asuntos da cidade eran do común das xentes, todos interviñan como iguais no interese de todos. Ténebro mantíñase lonxe, coa mirada e a vontade postas na cidade, sen atreverse a ataca-la despois de telo feito nunha ocasión sen éxito. Ténebro cobiza-

ba a cidade, quería a súa. De novo regresou contra ela empregando artes que os dónigos descoñecían, contra as que nada souberon opoñer. Os días puxéronse difíciles para eles. O luceiro deixou de brillar e a cidade desapareceu baixo o Boedo.

O rapaz ao pé do cabalo escoitaba petrificado, achicáronselle os ollos e un formigo xeadó cruzou o brazo esquerdo eivado.

—De que tes medo? —preguntou, de pronto, o Vello.

—Do que máis tarde virá na Torre! —respondeu.

—Non temas, has ver como non hai maldición que non se poida silenciar.